

Valedoría Universitaria

Universidade de Vigo

Esther Pillado González

Valedora universitaria

MEMORIA DA ACTUACIÓN DA VALEDORÍA UNIVERSITARIA

ANO 2022

Índice

1. Presentación

- 1.1. Presentación da memoria do ano 2022
- 1.2. A Valedoría Universitaria: marco xeral

2. Actuacións da Valedoría Universitaria

- 2.1. Forma de iniciación, tramitación e tipo de actuación
- 2.2. Expedientes
- 2.3. Mediacións
- 2.4. Consultas

3. Recomendacións emitidas

4. Actividade institucional

- 4.1. No ámbito da Universidade de Vigo
- 4.2. No ámbito internacional, estatal e autonómico
 - 4.2.1. Reunións cos provedores das universidades do norte de Portugal
 - 4.2.2. Actividades da Conferencia Estatal de Defensorías Universitarias (CEDU)
 - 4.2.3. Reunións cos valedores galegos (Reduga)

5. Execución do orzamento

6. Comentario e reflexión final

1. Presentación

1.1. Presentación da memoria do ano 2022

Coma todos os anos, a Valedoría Universitaria (en adiante, VU), en cumprimento das previsións contidas no artigo 13 f) dos Estatutos da Universidade de Vigo, presenta a memoria das actuacións desenvolvidas ao longo do ano 2022.

A estrutura da memoria inclúe, coma no ano anterior, as recomendacións que desde a valedoría foron dirixidas a distintos órganos e servizos, na medida en que deron lugar a unha mellora para a comunidade universitaria. Tamén contén, entre as actuacións desenvolvidas, un apartado dedicado ás mediacións, en canto no ano 2022 foron cinco as que se tramitaron segundo o procedemento previsto nos artigos 22-24 do Regulamento do valedor ou valedora universitario da Universidade de Vigo.

O presente documento divídese en seis apartados: o primeiro, de carácter introdutorio, no que se fai unha aproximación á figura da VU, as súas funcións e a súa forma de actuar. Os apartados segundo e terceiro son as partes esenciais da memoria en canto reflicten, respectivamente, a actuación da VU, coa indicación dos expedientes abertos, as mediacións desenvolvidas, as consultas atendidas e as recomendacións emitidas co seu seguimento. O apartado cuarto recolle a actividade institucional; o quinto, a execución do orzamento; e o sexto, un comentario e unha reflexión final.

Coma en anos anteriores, o informe intenta ser conciso e claro co obxecto de darlle unha resposta axeitada á obriga de transparencia, facilitando a consulta de toda a actividade desenvolvida por este órgano da universidade. Para acadar ese obxectivo, coidouse o texto e moi especialmente o deseño e a linguaxe visual.

Esta memoria está conformada por datos e por unha análise estatística realizada pola VU que fai un estudo destes que pode ser útil para coñecer o grao de conflictividade existente na universidade para poder mellorar a convivencia universitaria, todo isto dentro da protección de datos de todas as persoas implicadas.

1.2. A Valedoría Universitaria: marco xeral

O fundamento da VU é a figura do defensor/a universitario, regulada na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (artigo 46.2.h e disposición adicional 14.a), e a do comisionado/a universitario, na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia (artigo 90).

Pola súa parte, a Universidade de Vigo regula a figura do valedor/a universitario na sección 4.a do capítulo I do título II (artigos 58-60) dos Estatutos da Universidade de Vigo (Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro): secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/267. As disposicións contidas nos Estatutos da Universidade de Vigo foron desenvolvidas polo Regulamento do valedor ou valedora universitario da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro Universitario o 16/10/2020: secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/423. Ao longo dos seus vinte e sete artigos, este regulamento establece as características propias desde órgano, a forma de elección e de cesamento, o seu estatuto, as súas funcións, a tramitación dos expedientes e o procedemento de mediación; todo co obxectivo de que calquera membro da comunidade universitaria dispoña da información necesaria para

defender os seus dereitos e que, ao mesmo tempo, o valedor/a conte cos medios necesarios para protexelos e defendelos.

Debe terse en conta que, desde a aprobación e a entrada en vigor dos novos Estatutos da Universidade de Vigo, o 23 de febreiro de 2019, o Tribunal de Garantías deixou de ser un órgano colexiado para converterse nun órgano unipersoal; deste xeito, equipárase ao que é habitual nas universidades españolas. Este cambio non supón ningunha alteración da natureza do órgano encargado de defender os dereitos dos membros da comunidade universitaria nin das súas funcións.

No mesmo sentido ca o Tribunal de Garantías, a actual normativa da VU permite trazar o perfil deste órgano: unha institución de carácter interno que defende os dereitos e os intereses lexítimos de todos os membros da comunidade universitaria. Para completalo e entender a súa peculiar idiosincrasia, cómpre realizar algunhas consideracións adicionais:

- A VU participa dos atributos da figura do *ombudsman* clásico e inspírase no modelo do defensor do pobo español. Isto implica que a VU:
 - Ten plena autonomía e independencia de criterio.
 - Non se suxeita a ningún mandato imperativo (ningunha autoridade académica pode ditalle instrucións).
 - É titular das prerrogativas de inviolabilidade e de inmunidade (non pode ser expedientado nin sancionado polas opinións que formule nin polos actos que realice no exercicio lexítimo das súas funcións).
- Acudir á VU non é incompatible con ningunha instancia interna nin externa á universidade. Todo o contrario: complementa e potencia o funcionamento do sistema mediante a súa contribución, que se caracteriza pola visibilidade, accesibilidade, axilidade e ausencia de formalismos, imparcialidade, confidencialidade, fiabilidade, transparencia e respecto, sen renunciar nin á firmeza nin á determinación.
- Tal e como se indica no artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, de acordo coa súa función de defensa dos dereitos e liberdades dos membros da comunidade universitaria, a VU pode supervisar a actividade da administración universitaria. Iso non implica que a entorpeza nin que lle poña atrancos, senón que tenta contribuír a melloralas. Investiga como funcionan os órganos e os servizos administrativos para detectar atrasos, silencios, arbitrariedades, abusos, irregularidades ou mala fe. Solicítalles informes (á Asesoría Xurídica ou a outros órganos consultivos ou de xestión) sobre os asuntos que o requiran para a boa marcha da investigación e conta coa preceptiva colaboración dos órganos de goberno e de todos os membros da comunidade universitaria (obrigados a cooperar e a non negarlle o acceso a ningún expediente ou documento relacionado cos asuntos que investigue), media con habilidade e empatía entre as partes, abre opcións ou recomenda cambios e innovacións.
- Para aclarar definitivamente a natureza e as funcións da VU, cómpre definila en negativo; isto é, hai que sinalar o que non é para así contribuír a corrixir certos malentendidos e percepcións erróneas sobre esta figura.

- A VU non é
- **Un órgano xurisdiccional**, que xulga condutas, dita sentenzas, imparte xustiza e decide cal das partes é inocente ou culpable.
 - **Unha xestoría** que coida ou promove asuntos e intereses diversos.
 - **Un avogado/a de oficio** para atender todos os casos que se susciten.
 - **Un órgano disciplinario** con potestade sancionadora.

Ademais de tramitar expedientes, a VU desenvolve outras actividades, como as de mediación e conciliación, resposta de consultas e de peticións de información que implicaron entrevistas telefónicas ou persoais, así como as contestacións escritas que en ocasións levaron a emitir recomendacións e propostas dirixidas a diversas instancias.

Para o axeitado desenvolvemento das súas funcións, a VU conta cunha comisión asesora formada por tres membros, un por cada un dos sectores da comunidade universitaria, que foron elixidos na reunión do Claustro Universitario do 13/04/2021 e que ten que ser renovada.

● Expedientes

Os expedientes presentáronse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo, utilizando o formulario que está a disposición dos membros da comunidade universitaria.

Nalgúns casos foi necesaria a emenda da reclamación pola falta de documentación acreditativa da petición; noutros, estaba pendente a resolución dun recurso presentado pola persoa interesada, o que deu lugar á suspensión da incoación do expediente.

● Consultas

No ano 2022 a maioría das consultas realizáronse por correo electrónico, aínda que tamén se atenderon por teléfono ou presencialmente. Nalgúns casos, en atención á complexidade do asunto, deron lugar á posterior presentación dunha reclamación ou dunha queixa e á subseguinte apertura dun expediente.

● Entrevistas

A VU mantivo reunións, presenciais e virtuais, así como chamadas telefónicas con membros dos sectores da comunidade universitaria: estudiantado, persoal docente e investigador (en adiante, PDI) e persoal de administración e servizos (en adiante, PAS), pero tamén co persoal directivo, membros do equipo de goberno, directores ou directoras de centro, decanos ou decanas etc. Algunhas delas tiveron como finalidade principal informar sobre o contido, procedemento e alternativas relacionadas cos asuntos obxecto da reclamación, queixa ou consulta presentadas; outras entrevistas estiveron orientadas a buscar e a activar un procedemento que permitise mediar e xestionar algún conflito; outros encontros, en cambio, só pretendían mellorar a comunicación cos distintos actores que integran o sistema institucional universitario, a fin de acadar unha mellor cooperación, coordinación e información entre as partes.

● Mediacións

Tras a petición expresa dun membro ou dun colectivo da comunidade universitaria, ou por suxestión da propia VU á vista do tipo de conflito de que se trata, iniciáronse actuacións conducentes á súa resolución de xeito non adversarial, involucrando as partes e acadando, así, unha resolución satisfactoria para ambas. Os resultados alcanzados son, en xeral, moi adecuados, ao permitir desactivar ou previr conflitos.

● Recomendacións

Algunhas das reclamacións e das queixas que motivaron a apertura dun expediente, así como algunhas das consultas, levaron asociada outra actuación moi característica das defensorías universitarias: trátase das recomendacións, propostas ou suxestións coas que se pretende contribuír a corrixir os problemas, erros e disfuncións detectadas no funcionamento ordinario da universidade e que afectan os dereitos dos e das integrantes da comunidade universitaria.

2. Actuacións da Valedoría Universitaria

Os asuntos tratados pola VU, que determinaron as actuacións reflectidas nesta memoria, tráense a colación en forma de datos, clasificados en atención aos seguintes criterios: forma de iniciación, tramitación e tipo de actuación. A partir dos datos xerais, analizaranse segundo o campus, o xénero, o colectivo e o tipo de asunto. No tratamento destes datos tense especial coidado para respectar o dereito á protección de datos das persoas implicadas no conflito que deu lugar á actuación da VU.

Durante este período, recibíronse en ocasións reclamacións e consultas presentadas simultaneamente noutras unidades, servizos e órganos da universidade. Nos casos en que a persoa reclamante presentara unha reclamación ante o servizo ou o órgano competente, suspendeuse a incoación do expediente ata a súa resolución, con independencia do labor de intermediación co obxecto de axilizar a resposta daqueles.

2.1. Forma de iniciación, tramitación e tipo de actuación

Calquera membro da comunidade universitaria pode acudir ao valedor ou valedora universitario cando considere que se lesionaron os seus dereitos ou intereses lexítimos pola actuación dos órganos de goberno, autoridades académicas e servizos da Universidade de Vigo, e poderá solicitar a súa intervención, unha vez que se esgotaron as instancias universitaria previstas na lexislación vixente. Ademais, a valedora ou valedor universitario poderá actuar de oficio cando teña coñecemento dun asunto no que concorran as circunstancias anteriores.

A forma de iniciación habitual é cubrir un formulario que a comunidade universitaria ten á súa disposición na sede electrónica da universidade. Unha vez recibido e estudado, admitirase a trámite ou rexeitarase cando sexan asuntos que non son competencia da VU ou estean sometidos a instancias xudiciais, pendentes da resolución dun expediente disciplinario e nos que non se esgotasen as instancias previstas na normativa aplicable, indicando, neste último caso, a quen debe dirixir a reclamación. Suspenderase a tramitación da reclamación cando estea pendente a resolución dunha queixa ou dun recurso presentado nos órganos previstos na lexislación universitaria; iso con independencia das actuacións de intermediación por parte da valedoría co obxecto de axilizar a resposta do órgano competente.

No ano 2022 presentáronse 45 escritos de reclamación. Tras estudar a documentación e comprobar o cumprimento dos requisitos previstos no regulamento da VU, abríronse 40 expedientes. Suspendeuse a incoación de cinco queixas, por estar pendente a resolución dun recurso ou dunha reclamación polo órgano competente, que foron presentadas por membros do PDI (4) e polo estudiantado (1). Delas, unha vez recibida a contestación pendente, nun dos casos a persoa reclamante comunicoulle á valedoría o seu interese na tramitación da reclamación, polo que se incoou o correspondente expediente. No caso dun dos escritos, ao estar dirixido a varios órganos da universidade que aínda non contestaran, informouse a persoa interesada da imposibilidade de actuar por parte da valedoría.

Ademais dos escritos de reclamación, os membros da comunidade universitaria realizan consultas para solicitar orientación ou asesoramento en relación coa actuación dos órganos, autoridades e servizos da universidade. No ano 2022, recibíronse 41 consultas. Esta actuación é máis áxil, xa que trata de resolver situacións conflitivas de xeito informal en canto que a súa complexidade normalmente é menor ca a dun expediente.

No ano 2022, o número de expedientes tramitados aumentou en relación co ano anterior e as consultas baixaron, seguindo a tendencia dos dous últimos anos.

Expedientes tramitados

Ano	Número de expedientes tramitados
2011	25
2012	58
2013	66
2014	55
2015	50
2016	25
2017	36
2018	33
2019	23
2020	24
2021	29
2022	40

Consultas presentadas

Ano	Número de consultas presentadas
2019	15
2020	62
2021	52
2022	41

Táboa xeral de actuacións

COLECTIVO	ASUNTO	EXPEDIENTES	CONSULTAS	TOTAIS
Estudantado	Acceso a prazas vacantes en grao	1	0	1
	Avaliación en grao	1	3	4
	Avaliación en mestrado	0	1	1
	Avaliación por compensación	7	3	10
	Comportamento de profesorado	1	0	1
	Cualificación de prácticas	0	1	1
	Curso de adaptación	0	1	1
	Datos do SET/lingua do procedemento	1	0	1
	Diversidade	1	0	1
	Erasmus	0	3	3
	Guías docentes	1	1	2
	Horarios en grao	0	1	1
	Matrícula en grao	1	2	3
	Mobilidade nacional e internacional	0	1	1
	Permanencia	0	2	2
	Plans de estudo en extinción	2	1	3
	Prácticas clínicas	0	1	1
	Queixa presentada na caixa QSP	1	1	2
	Recoñecemento da nota de prácticas	1	0	1
	Recoñecemento de créditos	0	1	1
	Revisión de exame	2	1	3
	Simultaneidade de estudos	0	2	2
	Traballo de fin de grao	3	0	3
	Traballo de fin de mestrado	1	1	2
Traslado de expediente	1	0	1	
Xustificante do pagamento dun título	1	0	1	
TOTAL DE ESTUDANTES		26	27	53
PDI	Actuación da dirección da Área de Profesorado	1	0	1
	Axudicación de prazas na escola infantil do campus de Ourense	1	0	1
	Apoio educativo a persoas con diversidade funcional	0	1	1
	Asignación de docencia	1	0	1
	Atraso na sinatura da modificación dun contrato	1	0	1
	Cambio de área de coñecemento	0	1	1
	Complemento retributivo autonómico	1	1	2
	Comportamento de estudantado	1	1	2
	Elección dos membros dunha mesa electoral	1	0	1
	Exclusión da listaxe de prazas para a transformación de contratos	1	0	1
	POD	0	1	1
	Premios extraordinarios de grao	1	1	2
	Queixa presentada na caixa QSP	1	0	1
	Recuperación de prácticas	0	1	1
	Vulneración de dereitos de autoría	1	1	2
TOTAL DE PDI		11	8	19
PAS	Amparo para o cesamento nun posto de libre designación	1	0	1
	Axudas de acción social	0	1	1
	Listaxes de agarda	1	1	2
	Nulidade dunha resolución xerencial	0	1	1
	Permiso para o coidado dun familiar	0	1	1
	Procesos selectivos	0	1	1
	Quenda de traballo	1	1	2
TOTAL DE PAS		3	6	9
TOTAL DE ACTUACIÓNS		40	41	81

Táboas de expedientes e de consultas

A continuación, preséntanse o total dos datos dos expedientes e das consultas segundo o campus nos cales se presentaron, o xénero e o colectivo da comunidade universitaria que o remitiu.

Expedientes e consultas recibidos dos tres campus da Universidade de Vigo

Campus	
Vigo	54
Ourense	20
Pontevedra	7
Total	81

Como é habitual, o maior número de actuacións corresponde ao campus de Vigo.

Expedientes e consultas por xénero

Xénero	
Homes	31
Mulleres	39
Mixto	10
Outros	1
Total	81

Na división por xénero, durante o ano 2022 apréciase un número maior de reclamacións e de consultas instado polo colectivo feminino ca polo masculino, o que contrasta co ano 2021, no que as reclamacións presentadas polo colectivo masculino foi moi superior ás do feminino.


Expedientes e consultas segundo o sector da comunidade universitaria

Sector	
Estudantes	53
PDI	19
PAS	9
Total	81

Polo que respecta á distribución por sectores, a maioría das actuacións refírense ao estudiantado, seguido a bastante distancia polo PDI e polo PAS.


2.2. Expedientes

Expedientes por campus




O total de expedientes tramitados foi de 40, procedentes na súa maioría do campus de Vigo (72 %), seguidos dos de Pontevedra (20 %) e de Ourense (8 %).

Expedientes por xénero




En relación co xénero das persoas que presentaron unha queixa, o número de expedientes instados polos sectores feminino e masculino foi similar (45 % e 42 %, respectivamente), o que contrasta co ano 2021 no que o masculino representaba o dobre do feminino.

Expedientes por colectivo



No gráfico por colectivos, obsérvase unha maior porcentaxe dos presentados polo colectivo do estudiantado (65 %), seguido polo do PDI (27 %) e a máis distancia o do PAS (8 %).

Expedientes por asunto



As queixas do estudantado centráronse maioritariamente en cuestións relativas á avaliación por compensación (7), traballos de fin de grao (3), revisión de exames (2) e plans de estudo en extinción (2). As restantes refírense ao acceso a prazas vacantes en titulacións de grao, á avaliación en estudos de grao, ao comportamento do profesorado, aos datos contidos no suplemento europeo ao título (en adiante, SET) e á lingua empregada no procedemento, á diversidade; ás guías docentes, a problemas coa matrícula, á presentación dunha queixa na caixa de queixas, suxestións e parabéns (en adiante, QSP), ao recoñecemento da nota de prácticas; ao traballo de fin de mestrado, ao traslado de expediente e ao xustificante do pagamento dun título.

As queixas do PDI céntranse na actuación da dirección da área de profesorado, na adxudicación de prazas na escola infantil do campus de Ourense, na asignación de docencia, no atraso na sinatura da modificación dun contrato, no comportamento do estudantado, na elección dos membros dunha mesa electoral nas eleccións a reitor e a membros do Claustro Universitario, na exclusión da listaxe de prazas para a transformación de contratos, na modificación da normativa de premios extraordinarios de fin de grao para evitar a discriminación do estudantado con alto rendemento en titulacións con baixa taxa de entrada, nunha queixa presentada na caixa QSP, no pagamento dun complemento retributivo autonómico e na vulneración de dereitos de autoría.

As queixas do PAS refírense á solicitude de amparo para o cesamento nun posto de libre designación, ás listaxes de agarda e á quenda de traballo.

Dentro da temática dos expedientes tramitados, faise unha mención especial á relacionada coa adopción das medidas necesarias para garantir o respecto da identidade sexual e de xénero de todas as persoas, en concreto chegouse a un acordo para que na implementación da aplicación de xestión académica (SIGMA) se respecte a identidade sexual e de xénero de todas as persoas; a maiores, recomendouse a revisión do Protocolo de actuación para cambiar de nome e de xénero de uso común das persoas transexuais, transxénero e intersexuais na Universidade de Vigo.

Tamén é salientable a modificación do Regulamento de premios extraordinarios de grao aprobada no consello de goberno do 24/01/2023, co obxecto de evitar a discriminación do estudantado con alto rendemento nas titulacións con baixa taxa de entrada.

2.3. Mediacións

Das reclamacións recibidas, destácanse neste apartado as que deron lugar á apertura dun procedemento de mediación, aceptado voluntariamente polas persoas implicadas no conflito: tres presentadas polo sector do estudantado e dúas polo do PDI.

É importante puntualizar que neste apartado se inclúen as mediacións formais realizadas ao abeiro do Regulamento do valedor ou valedora universitario, á marxe das mediacións ou conciliacións máis informais desenvolvidas pola VU noutros expedientes ou consultas e do labor de intermediación desenvolvido cos distintos órganos e servizos da universidade.

A valedora universitaria, de conformidade co establecido nos artigos 22-24 do Regulamento do valedor ou valedora universitario, realizou un labor de mediación entre as persoas implicadas co obxectivo de poñer fin ao conflito dun xeito consensuado.

Polo que respecta ao colectivo do estudantado, o primeiro procedemento de mediación derivou dunha reclamación en relación co comportamento e coa actitude do profesorado

durante o desenvolvemento da súa actividade docente. Realizouse un labor de mediación entre as persoas implicadas en sesións individuais, que finalizou cun compromiso por parte do profesorado implicado e a súa aceptación pola persoa reclamante. Para cumprir co compromiso asumido polo profesorado, realizouse un seguimento por parte da VU en colaboración coa dirección do centro.


O segundo proceso de mediación deste colectivo partiu dun escrito en relación cunhas incidencias derivadas da presentación dunha queixa na caixa QSP. Realizáronse sesións separadas con cada unha das partes, logo de aceptar a súa participación no proceso, e concluíuse co corresponde acordo satisfactorio para as persoas implicadas.

O último expediente deste colectivo, que deu lugar á apertura dunha mediación, refírese a unha reclamación sobre o comportamento do profesorado responsable dunha materia durante o proceso de revisión. Mantivéronse conversas presenciais e non-presenciais coas persoas implicadas por separado, e chegouse a un acordo aceptado voluntariamente polas persoas implicadas.


Das reclamacións presentadas por membros do sector do PDI, dúas derivaron nun procedemento de mediación. A primeira refírese a un intercambio de campus e de asignación de docencia. Tiveron lugar dúas sesións de mediación nas que se constatou a imposibilidade de chegar a unha avinza, polo que se puxo fin ao procedemento sen acordo.

A última mediación correspondente a este colectivo vén dunha reclamación en relación co comportamento do estudiantado dun centro no desenvolvemento das clases dunha materia. Mantivéronse conversas individuais e por separado coas persoas implicadas e chegouse a un acordo aceptado pola partes.


Mediacións por campus




Mediaciones por xénero




Mediacións por colectivo



Mediacións por asunto



Resultado das mediacións




2.4. Consultas

Na VU recíbense consultas dos membros da comunidade universitaria. Nestas solicitan o asesoramento e a orientación co obxecto de aclarar dúbidas sobre os procedementos administrativos e sobre os órganos/servizos concretos onde teñen que dirixirse, así como para detectar situacións nas que a universidade podería estar incumprindo unha norma.

Unha das actuacións máis habituais derivadas das consultas supón que desde a valedoría nos poñamos en contacto coas unidades responsables da tramitación dos procedementos para solicitar a súa colaboración e buscar unha solución áxil que satisfaga as persoas implicadas.


No ano 2022 recibíronse un total de 41 consultas.

Consultas por campus




Desde o campus de Vigo recibíronse 25 consultas (61 %), 12 do campus de Pontevedra (29 %) e 4 do campus de Ourense (10 %).

Consultas por xénero



Na división por xénero, o número de consultas presentadas polo colectivo feminino é de 21 (51 %), fronte ao do masculino 14 (34 %), e 6 (15 %) correspondente ás consultas efectuadas por ambos os xéneros.

Consultas por colectivo



As consultas remitidas polo estudiantado foron 27 (66 %), seguidas das 8 do PDI (19 %) e das 6 do PAS (15 %).

Consultas por asunto



Do total das consultas efectuadas, 14 deron lugar á apertura dun expediente, tras a presentación da reclamación formal por escrito pola persoa interesada; tres deles foron abertos no ano 2023.

3. Recomendacións emitidas

No ano 2022 ditáronse 21 recomendacións que derivaron de expedientes iniciados a instancia de parte, dirixidas aos órganos de goberno e a outros órganos e servizos da comunidade universitaria.

A emisión de recomendacións é unha función fundamental da VU, en canto trata de establecer pautas de futuro co obxecto de mellorar a prestación dos servizos propios da universidade.

Recomendación 2022/1

Expediente: 2/22

Órgano ao que se dirixe: Secretaría Xeral.

Sobre a adopción das medidas oportunas conducentes a incluír no expediente da persoa que reclama o apto por compensación na materia Xestión de produtos e servizo ao cliente do Grao en Enxeñaría en Organización Industrial.

Atendida.

Recomendación 2022/2

Expediente: 3/22

Órgano ao que se dirixe: Secretaría Xeral.

Sobre a adopción das medidas oportunas conducentes a incluír no expediente da persoa que reclama o apto por compensación na materia Xestión de produtos e servizo ao cliente do Grao en Enxeñaría en Organización Industrial.

Atendida.

Recomendación 2022/3

Expediente: 4/22

Órgano ao que se dirixe: Secretaría Xeral.

Sobre a adopción das medidas oportunas conducentes á axeitada implantación da notificación electrónica e, mentres non remate ese proceso, que a notificación se realice con todas as garantías; isto é, que se poida acreditar a íntegra e a correcta recepción pola persoa destinataria dun xeito fiable.

En proceso de estudo: desde a Secretaría Xeral estase implantado progresivamente a notificación electrónica. Nos casos onde non é posible, farase un seguimento do cumprimento das garantías da notificación.

Recomendación 2022/4

Expediente: 4/22

Órgano ao que se dirixe: Vicerreitoría de Profesorado, Docencia e Titulacións.

Sobre a modificación da actuación da Vicerreitoría de Profesorado, Docencia e Titulacións en relación co pagamento dos complementos de excelencia curricular docente e investigadora, de xeito que, tras rematar o período de cinco anos previsto na súa convocatoria, e de acordo co

establecido no artigo 3.2 da Orde do 16 de outubro de 2006 (DOG do 26), pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), se lle remita ao profesorado afectado unha comunicación que lle indique o cesamento do aboamento dos tramos variables ata que se produza unha nova avaliación pola ACSUG. Neste momento recibiríanse os atrasos correspondentes ao resultado da avaliación para ese período.

Atendida: modificación aprobada no consello de goberno do 02/03/2023.

Recomendación 2022/5

Expediente: 9/22

Órgano ao que se dirixe: Área de Calidade.

Tendo en conta que a información sobre as queixas, parabéns e suxestións presentadas nun centro debe incluírse, de forma anónima, nos informes de seguimento dos títulos que se imparten nel, sería conveniente que desde a Área de Calidade se lles remitan pautas ás direccións dos centros con obxecto de que nos citados informes se reflectan non só o número concreto das queixas recibidas, senón tamén cal foi o seu seguimento; isto é, cantas foron arquivadas sen que fose necesaria a adopción de ningunha medida e, en sentido contrario, cantas requiriron unha actuación de mellora.

Atendida: remisión dun correo electrónico aos centros para indicarlles como se deben tratar as QSP.

Recomendación 2022/6

Expediente: 9/22

Órgano ao que se dirixe: Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria.

Sobre a posta en marcha dunha campaña divulgativa dirixida ao profesorado e ao estudantado sobre os dereitos e os deberes recollidos no novo marco normativo na universidade coa aprobación dos seus estatutos, o novo Regulamento de estudantes, do 7 de maio de 2021, e a Ley 3/2022, de 24 de febreiro, de convivencia universitaria, que ten unha grande incidencia nesta materia.

Atendida: información nas xornadas de benvida.

Recomendación 2022/7

Expediente: 14/22

Órgano ao que se dirixe: Secretaría Xeral.

Sobre a adopción das medidas oportunas conducentes a incluír no expediente da persoa que reclama o apto por compensación na materia Mecánica de fluídos do Grao en Enxeñaría en Organización Industrial.

Atendida.

Recomendación 2022/8

Expediente: 12/22

Órgano ao que se dirixe: Secretaría Xeral (comisión electoral).

Sobre a necesidade de que se respondan todas as peticións contidas nos recursos presentados á comisión electoral en materias da súa competencia para cumprir, deste xeito, o deber de congruencia na súa resolución.

Non precisa dunha resposta específica.

Recomendación 2022/9

Expediente: 12/22

Órgano ao que se dirixe: Xunta Electoral da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.

Sobre a necesidade de que se respondan todas as peticións contidas nos recursos presentados á comisión electoral en materias da súa competencia para cumprir, deste xeito, o deber de congruencia na súa resolución.

Non precisa dunha resposta específica.

Recomendación 2022/10

Expediente: 15/22

Órgano ao que se dirixe: Secretaría Xeral.

Sobre a adopción das medidas oportunas conducentes á inclusión no expediente da persoa que reclama o apto por compensación na materia Xestión de produtos e servizo ao cliente do Grao en Enxeñaría en Organización Industrial.

Atendida.

Recomendación 2022/11

Expediente: 19/22

Órgano ao que se dirixe: Secretaría Xeral.

Sobre a adopción das medidas oportunas conducentes á inclusión no expediente da persoa que reclama o apto por compensación na materia Xestión de produtos e servizo ao cliente do Grao en Enxeñaría en Organización Industrial.

Atendida.

Recomendación 2022/12

Expediente: 20/22

Órgano ao que se dirixe: Secretaría Xeral.

Sobre a adopción das medidas oportunas conducentes á inclusión no expediente da persoa que reclama o apto por compensación na materia Mecánica de fluídos do Grao en Enxeñaría en Organización Industrial.

Atendida.

Recomendación 2022/13

Expediente: 17/22

Órgano ao que se dirixe: Reitoría.

Sobre a adopción das medidas oportunas para o efectivo respecto da identidade sexual e de xénero de todas as persoas nas aplicacións informáticas da universidade, evitando calquera discriminación. A maiores, e, de ser o caso, haberá que estudar a conveniencia de modificar o último parágrafo do artigo 10 do Protocolo de actuación para cambiar de nome e de xénero de uso común das persoas transexuais, transxénero e intersexuais na Universidade de Vigo.

En proceso de estudo, con necesidade de seguimento. Desde a secretaría do reitor comunican que se chegou a un acordo con SIGMA para ter en conta na implementación desa aplicación o respecto pola identidade sexual e de xénero de todas as persoas, e na universidade seguiranse as directrices da Unidade de Igualdade.

Recomendación 2022/14

Expediente: 10/22

Órgano ao que se dirixe: presidencia do Comité de Ética da Universidade de Vigo.

Sobre a aprobación dun procedemento, sinxelo e garantista, para tramitar as peticións de informe presentadas ante o Comité de Ética da Universidade de Vigo e que este se publique na páxina web da universidade para que o coñeza toda a comunidade universitaria.

Non atendida.

Recomendación 2022/15

Expediente: 17/22

Órgano ao que se dirixe: Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade.

Sobre a realización das actuacións que sexan precisas para permitir que nas aplicacións informáticas a persoa interesada poida deixar baleiro o campo relativo ao xénero.

Atendida.

Recomendación 2022/16

Expediente: 8/22

Órgano ao que se dirixe: Xerencia.

Sobre a inclusión como punto da orde do día das negociacións cos órganos de representación do PAS, a discusión, debate e toma de decisión sobre a petición de cambio de quenda do persoal da Área de Calidade.

En proceso de estudo.

Recomendación 2022/17

Expediente: 22/22

Órganos aos que se dirixe: Secretaría Xeral, Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade e Servizo de Xestión de Estudos de Grao.

Sobre a inclusión nas normas de xestión académica dunha previsión que lle permita ao estudantado que estea cursando un plan de estudos en proceso de extinción matricularse de materias das que non se matriculase con anterioridade e nas que xa non se oferta docencia.

En proceso de estudo.

Recomendación 2022/18

Expediente: 24/22

Órgano ao que se dirixe: Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade.

Sobre a realización das actuacións oportunas que leven ao traslado do expediente solicitado pola persoa interesada a outro centro da universidade por motivos de saúde.

Atendida.

Recomendación 2022/19

Expediente: 21/22

Órgano ao que se dirixe: Vicerreitoría do Campus de Ourense.

Sobre a modificación da convocatoria de prazas para a escola infantil Concepción Saiz Otero.

En proceso de estudo.

Recomendación 2022/20

Expediente: 25/22

Órgano ao que se dirixe: Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos.

Sobre a devolución de prezos de matrícula nunha titulación de grao.

Atendida.

Recomendación 2022/21


Expediente: 39/22

Órgano ao que se dirixe: Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade.

Sobre a modificación do Regulamento de premios extraordinarios de grao.

Atendida: modificación aprobada no consello de goberno do 24/01/2023; suprímese o apartado b) do artigo 3 do Regulamento de premios extraordinarios de grao universitario que requiría «acadar unha puntuación media no seu expediente académico que estea no rango do 10 % superior das cualificacións medias da súa promoción».

NÚM. DE RECOMENDACIÓN	ÓRGANO/SERVIZO AO QUE SE DIRIXE	RESPOSTA
2022/1	Secretaría Xeral	Atendida
2022/2	Secretaría Xeral	Atendida
2022/3	Secretaría Xeral	En proceso de estudo
2022/4	Vicerreitoría de Profesorado, Docencia e Titulacións	Atendida
2022/5	Área de Calidade	Atendida
2022/6	Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria	Atendida
2022/7	Secretaría Xeral	Atendida
2022/8	Secretaría Xeral (comisión electoral)	Non precisa resposta específica
2021/9	Xunta electoral	Non precisa resposta específica
2022/10	Secretaría Xeral	Atendida
2022/11	Secretaría Xeral	Atendida
2022/12	Secretaría Xeral	Atendida
2022/13	Reitoría	En proceso de estudo
2022/14	Presidencia do Comité de Ética da Universidade de Vigo	Non atendida
2022/15	Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade	Atendida
2022/16	Xerencia	En proceso de estudo
2022/17	Secretaría Xeral/Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade/Servizo de Xestión de Estudos de Grao	En proceso de estudo
2022/18	Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade	Atendida
2022/19	Vicerreitoría do Campus de Ourense	En proceso de estudo
2022/20	Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos	Atendida
2022/21	Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade	Atendida



4. Actividade institucional

4.1. No ámbito da Universidade de Vigo

Acto académico da festividade de San Tomé de Aquino (28/01/2022)

Acto de homenaxe a Xosé Luís Franco Grande (01/04/2022)

Acto de toma de posesión do profesor doutor Manuel J. Reigosa Roger como Reitor Magnífico da Universidade de Vigo (20/06/2022)

4.2. No ámbito internacional, estatal e autonómico

4.2.1. Reunións cos provedores das universidades do norte de Portugal

Encontro da Rede de Provedorías e Valedorías das Universidades Galegas-Norte de Portugal, organizado na Universidade da Coruña o 16 de decembro de 2022, onde se trataron as seguintes cuestións:

- Permanencia e progreso do estudantado na universidade.
- Comportamento do estudantado: sancións e expulsión.
- Neste encontro a valedora universitaria presentou un relatorio sobre a permanencia e progreso do estudantado na Universidade de Vigo e a evolución do comportamento do estudantado despois da pandemia.

4.2.2. Actividades da Conferencia Estatal de Defensorías Universitarias (CEDU)

Jornada Técnica de las Defensorías Universitarias y del Personal Administrativo de las Defensorías, organizada na Universidad de Alcalá de Henares o 27 de maio de 2022. As cuestións tratadas foron as seguintes:

- «Medidas efectivas de acceso de personas con discapacidad en el PDI»
- «Tácticas y técnicas en la recepción inicial de quejas en las defensorías»

XXIV Encuentro Estatal de Defensorías Universitarias, organizado na Universidade de Santiago de Compostela, do 28 ao 30 de setembro de 2022:

- Mesa redonda: «Análisis del estado de aplicación de la Ley de convivencia universitaria»
- Relatorio: «Análisis de la situación del PDI al inicio de su carrera profesional»
- Relatorio: «Retos de las defensorías universitarias ante la futura Ley del sistema universitario español (LOSU)»

4.2.3. Reunións cos valedores galegos (Reduga)

Reunión cos valedores/as universitarios das universidades galegas, organizado na Universidade de Santiago de Compostela o 21 de xuño de 2022:

- Adopción dun acordo polos valedores/as universitarios do sistema universitario de Galicia (SUG) sobre o desenvolvemento normativo da Ley 3/2022, de 24 de febreiro, de convivencia universitaria, para que se unifiquen criterios nas normas de cada universidade e así evitar agravios comparativos entre os membros da comunidade universitaria do SUG. O acordo remitíuselles aos reitores do SUG o 13 de xullo de 2022.

5. Execución do orzamento

Orgánica: 00VU Valedoría Universitaria - Funcional: 421S							
Artigo	Cto.	Subcto.	denominación do g:	Subcto.	Cto.	Artigo	Gastos
			CAP. II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS				
22			Material subministración e outros			8.000 €	794,74 €
	226		Gastos diversos				794,74 €
		226.06	Gastos conferencias				569,74 €
		226.09	Cotas de organismos				225,00 €
23			Indemnización por razón de servizos			4.000 €	232,68 €
	230		Axudas de custo e locomoción				232,68 €
			Total capítulo II			12.000 €	1.027,42 €
			TOTAL CRÉDITOS			12.000 €	1.027,42 €
			REMANENTE				10.972,58 €

6. Comentario e reflexión final

No ano 2022 o número de expedientes tramitados con respecto ao ano anterior foi superior (40 en 2022, 29 en 2021), o que contrasta coa diminución das consultas presentadas (41 en 2022, 52 en 2021).



Nestes últimos dous anos produciuse un aumento de expedientes e unha diminución de consultas. No informe do ano 2021 reflectíase que o incremento nese ano quizais fose unha consecuencia da transición cara á normalidade pola superación da situación da pandemia, coa conseguinte recuperación da presencialidade que levou ao emprego das canles de comunicación habituais para presentar reclamacións e queixas (presentación por escrito a través de sede electrónica). Non obstante, no ano 2022 o aumento é considerable e non é fácil chegar a coñecer se está crecendo a conflictividade ou están aflorando situacións que antes non se denunciaban. Haberá que ver a evolución ao longo do ano 2023, pero xa se pode salienta

que están saíndo á luz situacións que antes non se denunciaban; isto é unha boa mostra de que os membros da comunidade universitaria confían no funcionamento dos instrumentos de defensa dos seus dereitos dentro da universidade, o que evidencia a madurez do sistema universitario.

Coma en anos anteriores, a maioría dos expedientes refírense ao estudiantado (65 %), seguido a bastante distancia polo profesorado (27 %) e polo PAS (8 %). Outro tanto acontece coas consultas, das que o 66 % proceden do estudiantado, o 19 % corresponden ao profesorado, mentres que as do PAS representan un 15 % do total das recibidas.

Tamén na distribución por campus mantense un comportamento parecido ao de anos anteriores, cun claro predominio de expedientes tratados no campus de Vigo (72 %), seguido a bastante distancia polos campus de Pontevedra (20 %) e de Ourense (8 %). Algo similar acontece coas consultas recibidas: as do campus de Vigo supoñen un 61 %, seguidas polas procedentes dos campus de Pontevedra (29 %), que aumentan fronte ás do ano anterior, e de Ourense (10 %).

Na división por xénero rómpese a tendencia do ano 2021 e vólvese á situación previa, en canto é similar a porcentaxe de reclamacións presentadas polos colectivos feminino (45 %) e masculino (42 %), as reclamacións feitas conxuntamente por persoas de ambos os sexos representan un 10 % e o 3 % restante a outros, de xeito que parece ser puntual o aumento das reclamacións e das consultas presentadas polo colectivo masculino fronte ao feminino. É importante salientar a reclamación presentada por unha persoa que non se identifica co colectivo masculino nin co feminino, que visibiliza a necesidade de adoptar medidas para evitar calquera discriminación que se poida producir no contexto universitario en relación con este colectivo. En canto ás consultas, detectouse un aumento das presentadas polo colectivo feminino (51 %), fronte ao do masculino (34 %) e o 15 % restante correspondeu ás consultas presentadas por ambos os sexos.

Os principais motivos que levaron a abrir expedientes no sector do estudiantado están relacionados con reclamacións relativas á avaliación por compensación, a traballos de fin de grao, a plans de estudo en proceso de extinción e a revisión de exames. Por ese motivo é de grande importancia a aprobación da normativa sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado, que está agora pendente de aprobación no Claustro Universitario, para dar unha axeitada resposta ás necesidades do estudiantado, sen esquecer as esixencias dunha docencia de calidade.

Ao longo do ano 2022 foron varias as reclamacións presentadas polo estudiantado en relación co comportamento do profesorado na impartición de docencia e no proceso de revisión dunha materia que deron lugar á apertura dun procedemento de mediación. Tamén polo acceso a prazas vacantes en titulacións de grao, á avaliación en estudos de grao, aos datos contidos no suplemento europeo ao título (SET) e á lingua empregada no procedemento, á diversidade, ás guías docentes, a problemas coa matrícula, á presentación dunha queixa na caixa de queixas, suxestións e parabéns, ao recoñecemento da nota de prácticas, ao traballo de fin de mestrado, ao traslado de expediente e ao xustificante do pagamento dun título.

No sector do PDI, destacan as reclamacións relativas á asignación de docencia entre dous membros do PDI e ao comportamento inadecuado do estudiantado que levaron á apertura de

dous procedementos de mediación. En relación co PAS, cómpre salientar a solicitude de amparo para o cesamento nun posto de libre designación, as reclamacións referidas ás listaxes de agarda e á quenda de traballo.

Estas reclamacións evidencian a necesidade de desenvolver a Ley 3/2022, de 24 de febrero, de convivencia universitaria, deseñando un sistema sinxelo pero ao mesmo tempo garantista que permita afrontar a conflitividade derivada da convivencia entre os distintos colectivos da nosa universidade. Especialmente importante é que calquera membro da comunidade universitaria que se atope nunha situación de conflitividade saiba cal é a canle que debe utilizar para que o órgano competente actúe con axilidade, de aí a necesidade de establecer de forma clara a competencia dos distintos órganos existentes no momento actual para que non se produzan dúbidas de cal debe actuar en cada caso, e tamén para establecer fórmulas de coordinación e colaboración entre todos eles, tendo en conta que, en moitas ocasións, os conflitos son de carácter transversal. Neste desenvolvemento normativo non se pode esquecer o papel da VU en canto órgano de peche do sistema que actúa de forma imparcial e neutral na defensa dos dereitos de toda a comunidade universitaria e que, a maiores, e tal como se prevé no seu regulamento, asume unha función de mediación. Mostra desa función mediadora é que ao longo do ano 2022 realizáronse 5 mediacións, das cales 4 terminaron con acordo, facendo a VU un seguimento do seu cumprimento.

Especialmente importantes son as disposicións contidas na Ley de convivencia relativas ao réxime disciplinario do estudiantado, debendo aplicarse criterios uniformes a nivel galego no que respecta ás posibles especificacións ou gradacións das infraccións para evitar agravios comparativos entre o estudiantado das universidades do SUG.

Outra actuación cunha grande incidencia no ano 2022 é a relacionada coas **recomendacións e propostas formuladas**, que derivan tanto das reclamacións ou das queixas presentadas coma das consultas recibidas na VU. Centráronse en cuestións que teñen moita incidencia no día a día da nosa comunidade relativas tanto ao estudiantado coma ao PDI e ao PAS. Para coñecer o grao de cumprimento das recomendacións, a VU fixo un seguimento delas, como se reflicte nesta memoria; con carácter xeral, pode dicirse que a maioría foron atendidas polos órganos académicos aos que se dirixiron e outras están aínda en proceso de estudo. Especialmente relevante foi a modificación do Regulamento de premios extraordinarios de grao universitario (aprobado no consello de goberno do 13/06/2011 e modificado nos consellos de goberno do 22/05/2019 e do 24/01/2023) co obxecto de evitarlle agravios ao estudiantado con alto rendemento académico en titulacións de baixa entrada.

A maiores, tal como xa se sinalou nas memorias precedentes, é necesario seguir avanzando na implementación na nosa universidade dunha auténtica administración electrónica. Así, entre as recomendacións presentadas destaca a dirixida á Secretaría Xeral relativa á necesidade de implantar a notificación electrónica que garanta a correcta e íntegra recepción do seu contido pola persoa interesada.

Non quero rematar esta memoria sen amosar o meu agradecemento a Belén Priego, secretaria da VU, apoio imprescindible para o funcionamento deste órgano, e aos membros da comisión asesora da VU, Sara M^a Torres Outón, Guillermo de Oca Cancela e Paula Gil Hidalgo, pola súa dispoñibilidade e atención en todo momento. De xeito máis xeral quero tamén mostrar a miña gratitude pola atención recibida por parte dos e das integrantes da comunidade universitaria

que responderon algún requirimento ou petición de información, por teléfono ou por correo electrónico, e tamén aos/as que mantiveron reunións e encontros coa valedora universitaria.

VALEDORÍA UNIVERSITARIA
Edificio Filomena Dato, 2.º andar
As Lagoas, Marcosende, s/n
36310 Vigo
 986 813 829 / 986 813 830
secvaledora@uvigo.gal
www.uvigo.gal